

Proxecto Educativo de Centro

IES VAL MIÑOR

NIGRAN



Aprobado en Consello Escolar

Nigrán, 28 de xuño de 2012

I. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO	1
II. PRINCIPIOS XERAIS.....	1
III CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO	2
IV. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	3
1. CONSELLO ESCOLAR.....	3
2. O EQUIPO DIRECTIVO	4
3. CLAUSTRO DE PROFESORES	4
V. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	5
1. DEPARTAMENTOS	5
<i>departamento de orientación</i>	<i>5</i>
<i>Departamento de actividades complementarias e extraescolares.....</i>	<i>5</i>
<i>Departamentos didácticos.....</i>	<i>5</i>
2. OUTROS ÓRGANOS.....	5
<i>Comisión de coordinación pedagóxica</i>	<i>5</i>
<i>Equipo de normalización lingüística.....</i>	<i>5</i>
VI. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DOS ALUMNOS	6
1. DELEGADO DE GRUPO	6
<i>Elección.....</i>	<i>6</i>
<i>Funcións.....</i>	<i>6</i>
2. XUNTA DE DELEGADOS	6
<i>Características</i>	<i>6</i>
<i>Funcións.....</i>	<i>6</i>
VII. DOS ALUMNOS.....	7
1. DEREITOS DOS ALUMNOS	7
2. DEBERES DOS ALUMNOS.....	7
VIII. DOS PROFESORES	8
1. O PROFESOR TITOR	8
2. O PROFESOR DE GARDA.....	9
IX. A AVALIACIÓN E AS RECLAMACIÓN.....	9
1. O PROCESO DE AVALIACIÓN	9
2. SESIÓN DE AVALIACIÓN.....	9
3. RECLAMACIÓN ÁS CUALIFICACIÓN	10
X ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	10
XI A BIBLIOTECA.....	10
XII. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO	12
1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO.....	12
1.a) <i>Educación secundaria obrigatoria</i>	<i>12</i>
1.b) <i>bacharelato</i>	<i>13</i>
2. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DOCENTES	14
2.a) <i>Instrucións para a elaboración das programación didácticas.....</i>	<i>14</i>
2.b) <i>elementos da programación didáctica na eso.....</i>	<i>15</i>
2.c) <i>elementos da programación didáctica na bacharelato.....</i>	<i>15</i>
3. DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	16
4. INCORPORACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS	18
5. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLAS ENSEÑANZAS DE RELIXIÓN	20
6. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	20
6.1. <i>Educación secundaria obrigatoria.....</i>	<i>20</i>
Promoción.....	20
Titulación.....	20
6.2. <i>Bacharelato.....</i>	<i>20</i>
Promoción.....	20
Titulación.....	21
7. LÍNEAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	21

<i>Programas de diversificación curricular</i>	21
<i>exención da segunda lingua estranxeira en primeiro e segundo cursos de eso</i>	22
<i>agrupamentos específicos temporais</i>	22
<i>reforzo educativo</i>	23
DISPOSICIÓN DERRADEIRA	24

I. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

A denominación oficial do centro é Instituto de Ensino Secundario Val Miñor. É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Atópase situado na rúa Paradellas, nº15 en Nigrán (Pontevedra). Encóntrase nun medio rural, limitando gran parte do recinto con zona de forestal.

As etapas educativas do centro son as de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato (nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais). En total, o centro posúe dezaseis unidades para un número de alumnos que oscila arredor dos 400.

Na actualidade, prestan os seus servizos 43 profesores, nos que se inclúen unha orientadora e un profesor de apoio. Ademais, traballan no centro unha administrativa, dous subalternos e dúas limpadoras.

II. PRINCIPIOS XERAIS

O centro, dado o seu carácter público, réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutramento, sectarismo e proselitismo, aínda que se declara esencialmente respectuoso coas ideas da Declaración Universal dos Dereitos Humano.

Respetando a lexislación vixente, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, empregárase esta lingua no plano administrativo. En todo caso, ao rematar a escolaridade, deberá garantirse un correcto dominio oral e escrito de ambas as dúas linguas oficiais da nosa comunidade. Se constituirá un Equipo de Normalización Lingüística que elaborará un Plano Anual de Normalización Lingüística que se incluírá como anexo ao Proxecto Educativo de Centro.

1. Toda a actividade do Instituto irá encamiñada á consecución dos seguintes fins:
 - a) O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
 - b) A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
 - c) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
 - d) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
 - e) A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
 - f) A formación para a paz, a cooperación e solidariedade entre os pobos.
 - g) Establecer un marco de convivencia baseado nun regulamento de réxime interno que permita a tódolos membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
2. A actividade educativa desenvolverase atendendo ós seguintes principios:
 - a) A formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos en todos os ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.
 - b) A participación e colaboración dos pais ou titores para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos, a través da A.N.P.A.
 - c) A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación e o respecto a todas as culturas.
 - d) O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito.

- e) O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
 - f) A autonomía pedagóxica dos centros dentro dos límites establecidos polas leis, así como a actividade investigadora dos profesores a partir da práctica docente.
 - g) A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
 - h) A metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
 - i) A avaliación dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, dos centros docentes e dos diversos elementos do sistema.
 - j) A relación co contorno social, económico e cultural.
 - k) A formación no respecto e defensa do medio ambiente.
3. No ámbito pedagóxico, as actuacións irán encamiñadas a:
- a) Seleccionar os contidos curriculares que sexan realmente de interese e funcionais para os alumnos, procurando enxerir a acción educativa dentro do seu contexto sociocultural.
 - b) Proporcionar aos alumnos os instrumentos de análise científica e fomentar a capacidade de observación e de crítica, así como a adquisición de hábitos de traballo intelectual.
 - c) Tentar de buscar as técnicas máis apropiadas para favorecer a motivación e a actividade eficaz dos alumnos.
 - d) Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral, asimesmo, facer da avaliación un instrumento de motivación e autoestima.
 - e) Impulsar a acción tutorial individualizada e en grupo como algo esencial na orientación educativa e profesional, así como as diversificacións e adaptacións curriculares para aqueles alumnos que precisen delas.
 - f) Potenciar un réxime de coeducación no que nos se produza ningún tipo de discriminación.
 - g) Estimular a expresión crítica como forma de mellorar o entorno inmediato e mesmo a sociedade.

III CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

Nigrán, onde radica o centro, está situado a 15 Km. de Vigo, principal cidade galega. A súa poboación e unha mezcla de rural e urbán, dividíndose entre poboación que traballa no mesmo concello ou en outros do Val Miñor e a que traballa en Vigo e utiliza Nigrán como cidade-dormitorio.

A situación socioeconómica das familias é tamén moi variada, habendo familias con problemas económicos importantes mixturadas con familias de alto poder adquisitivo sendo este último sector predominante nos cursos de bacharelato.

O alumnado da ESO é predominantemente do mesmo concello, proveniente dos dous colexios públicos de educación primaria que temos adscritos. O alumnado de bacharelato provén, máis ou menos nun 50% de alumnado do propio centro que aprobou a ESO e a outra metade de alumnado procedente de diversos colexios, predominantemente privados. Nesta última etapa, abunda o alumnado procedente do concello de Baiona.

IV. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

O centro precisa dunha organización que posibilite o bo funcionamento e facilite a consecución dos fins e obxectivos xerais que a partir dos nosos sinais de identidade, temos definido e tentamos conseguir. A estrutura organizativa terá en conta as seguintes finalidades:

- a) Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- b) Integrar na vida do centro aos alumnos, pais, profesores e persoal non docente, facilitándolle as canles de información e participación.
- c) Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
- d) Xestionar consensuadamente os recursos económicos do centro.
- e) Organizar adecuadamente os espazos do centro.
- f) Manter relacións de colaboración e apoio con outras institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais.
- g) Abrir o centro, cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno.

Os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e a configuración dun auténtico ensino galego, con total respecto ós principios e valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

1. CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

1.1. O Consello Escolar estará composto polos seguintes membros: o Director (é o seu presidente), o Xefe de Estudos, un Concelleiro ou representante do Concello, sete profesores elixidos polo claustro, tres representantes dos pais ou nais de alumnos, catro representantes do alumnado, un representante do persoal de administración e servizos, e o Secretario ou Secretaria (actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto)

1.2. Os membros do Consello Escolar renovaranse por metades de forma alternativa cada dous anos.

1.3. O Consello Escolar reunirase preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. En todo caso reunirase ó inicio e remate de curso.

1.4. As principais atribucións do Consello Escolar son as seguintes:

- a) Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do Instituto, aprobalas, avalialas e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.
- b) Elixir o Director ou Directora do centro.
- c) Aprobar e modificar o regulamento de réxime interior do instituto.
- d) Resolver conflitos e impoñer correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro, de acordo coa lexislación establecida a tal efecto polas autoridades educativas.

- e) Aprobar o proxecto de orzamento do instituto e a execución do mesmo.
- f) Aprobar a programación das actividades escolares complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.
- g) Promover a renovación das instalación e equipamentos do instituto, e vixiar a súa conservación.

1.5. No seo do Consello Escolar existirá unha Comisión Económica, integrada polo Director, o Secretario, un profesor, un alumno e un pai ou nai de alumno, elixidos por cada un dos sectores. Poderanse constituír outras comisións para asuntos específicos.

1.6. No seo do Consello Escolar existirá unha Comisión de Convivencia que velará polo cumprimento dos dereitos e deberes dos alumnos. Esta comisión terá carácter consultivo e elevará ó Consello Escolar propostas sobre a constitución ou modificación do regulamento de réxime interior, mediará nos conflitos presentados e canalizará as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa. Esta comisión estará formada polo Director, o Xefe de Estudos, un profesor, un pai e un alumno, sendo estes tres últimos elixidos polo Consello Escolar de entre os seus membros.

2. O EQUIPO DIRECTIVO

Está encargado de coordinar a actividade xeral do centro. A súa composición aparecerá na web do centro. Está constituído polos seguintes órganos unipersoais:

Director: ostenta a representación oficial do instituto, dirixe e coordina todas as actividades, visa as certificacións e documentos oficiais, executa os acordos dos órganos Colexiados no ámbito da súa competencia e cumpre e fai cumprir as leis e demais disposicións vixentes.

Vicedirector: substitúe ó Director en caso de ausencia ou enfermidade, organiza os actos académicos e coordina a realización das actividades complementarias e extraescolares (segundo as directrices do Consello Escolar).

Xefe de Estudos: coordina ó persoal docente en todo o relativo ó réxime académico, elabora os horarios académicos e coordina e supervisa todas as actividades académicas

Secretario: ordena o réxime económico e administrativo do instituto.

3. CLAUSTRO DE PROFESORES

3.1. O Claustro de profesores é o órgano propio de participación destes no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes do mesmo. Son as súas competencias máis salientables:

Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativos e curricular do centro e da programación xeral anual, así como aprobalos e avalialos

Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e calendario dos exames ou probas extraordinarias.

Coordinar as funcións referentes a orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.

3.2. O Claustro reunirase preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. En todo caso reunirase ó inicio e remate de curso

V. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

1. DEPARTAMENTOS

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Formarán parte do mesmo o Xefe do Departamento, o profesor de apoio para atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e un titor por cada un dos cursos que compoñen as etapas educativas que se imparten no instituto. O Xefe do Departamento actuará baixo a dependencia directa da xefatura de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo, xefes de departamento e titores. A súa función fundamental será a de elaborar e impulsar propostas de orientación e reforzo educativo así como un plano de acción tutorial. Os alumnos serán atendidos no seu horario lectivo coa recomendación expresa dos titores, profesores ou cargos directivos, mediante cita previa; tamén recibirá ós pais que o desexen. As informacións obtidas serán de carácter confidencial.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Xefe do Departamento será o Vicedirector e formarán tamén parte do mesmo, se existe, o profesor encargado da biblioteca e para cada actividade concreta o profesorado e alumnado responsable da mesma. A súa función esencial será a de promover, organizar e facilitar as actividades complementarias e extraescolares.

DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Estes departamentos, a través da coordinación do profesor que ostente a súa xefatura, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas e materias. A súa función mais salientable é a de propoñer a programación didáctica, así como facer o seu seguimento e establecer as medidas correctoras que, se é o caso, se estimen necesarias.

2. OUTROS ÓRGANOS

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Estará integrada polo Director, que será o seu presidente, o Xefe de Estudos, os xefes de departamento, o coordinador do equipo de normalización lingüística e o profesor de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais. A súas misións fundamentais son elaborar propostas ó claustro sobre os proxecto curricular e educativo do centro, así como facerlle un seguimento ós mesmos; establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plano de orientación académica e profesional, do plano de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Estará constituído por tres profesores (propostos pola comisión de coordinación pedagóxica), tres alumnos (propostos pola xunta de delegados) e un membro do persoal non docente (por proposta dos mesmos). O coordinador será un profesor nomeado polo Director por proposta dos compoñentes do equipo. As súas funcións primordiais serán: presentar a través do claustro propostas para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo do centro e artellar toda as medidas necesarias para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro. Elaborará un Plano Anual de Normalización Lingüística que se incluírá como anexo ao Proxecto Educativo de Centro.

VI. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DOS ALUMNOS

1. DELEGADO DE GRUPO

ELECCIÓN

- a) Cada grupo de alumnos elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados. Elixirase tamén un subdelegado, que substituirá ó delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións.
- b) As eleccións de delegados e subdelegados, así como a do delegado que presidirá a xunta de delegados, serán convocadas polo Xefe de Estudos e organizadas por este en colaboración cos titores dos grupos.
- c) A designación dos delegados, subdelegados e delegado presidente da xunta de delegados poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ó titor, pola maioría absoluta dos alumnos do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.

FUNCIONES

- a) Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
- b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ó que representan.
- c) Fomentar a convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.
- d) Colaborar cos profesores e profesoras e co equipo directivo do instituto para o seu bo funcionamento.
- e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do instituto. No caso de producirse algún dano dará parte ó titor ou, de ser o caso, ó Xefe de Estudos, indicándolle as circunstancias nas que se produciu.

2. XUNTA DE DELEGADOS

CARACTERÍSTICAS

Estará integrada polos representantes dos alumnos dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos no Consello Escolar e será presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes. É competencia do delegado facer chegar as propostas da xunta de delegados ós distintos órganos de dirección do centro.

A xunta de delegados poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan os delegados dun curso ou dunha das etapas educativas que se imparten no instituto, logo do coñecemento do Director e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

FUNCIONES

- a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo, por iniciativa propia ou por petición daquel.
- b) Informar ós representantes dos alumnos no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- c) Recibir información dos seus representantes no Consello Escolar sobre os temas tratados nel.
- d) Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.
- e) Informar ó alumnado do centro das actividades da xunta de delegados.

- f) Formular propostas ó Xefe de Estudos e/ou o Xefe do Departamento de actividades extraescolares e complementarias para a organización das mesmas.
- g) Debater os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes nel.
- h) Cando o solicite, a xunta de delegados, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do instituto, nos asuntos que pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente, no que se refire a: celebración de probas e exames, alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na valoración do rendemento académico do alumnado, propostas de sanción ós alumnos pola comisión de faltas que leven aparellada a incoación de expediente.
- i) Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos, nos termos da normativa vixente.
- k) O Xefe de Estudos facilitará á xunta de delegados un espazo adecuado para que poida celebrar as súas reunións.

VII. DOS ALUMNOS

1. DEREITOS DOS ALUMNOS

- a) Os alumnos teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- b) Promoverase a igualdade de oportunidades a través da non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas ou psíquicas e tamén a través do establecemento de medidas compensatorias.
- c) Os alumnos teñen dereito a que o seu rendemento académico sexa avaliado con enteira obxectividade.
- d) Todos os alumnos teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- e) Teñen dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que atinxe as devanditas crenzas.
- f) Todos os alumnos teñen dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, sen que poidan ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.
- g) Os alumnos teñen dereito a participar no funcionamento e na vida dos centros, na actividade escolar e na xestión dos mesmos, segundo o disposto nas leis.
- h) Cando non se respecten os dereitos dos alumnos, ou cando calquera membro da comunidade educativa impida o efectivo exercicio dos devanditos dereitos poderá denunciálo ante o Director do centro que adoptará as medidas conforme ó disposto na lexislación vixente.

2. DEBERES DOS ALUMNOS

2.1. O estudo constitúe o deber básico dos alumnos e concrétese nas seguintes obrigas:

- a) asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos planos de estudio.
- b) cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.

- c) seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e amosarlle o debido respecto e consideración.
- d) respectar o exercicio do dereito ó estudio dos seus compañeiros.

2.2. Os alumnos deben respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todo os membros da comunidade educativa.

2.3. Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

2.4. Os alumnos deben coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.

2.5. Os alumnos teñen dereito a participar na vida e funcionamento do centro, de acordo á normativa vixente.

VIII. DOS PROFESORES

1. O PROFESOR TITOR

1.1. No instituto haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado. O titor será designado polo Director, por proposta do Xefe de Estudos, oído o Xefe do Departamento de Orientación, entre os profesores que impartan docencia a todo o grupo. A hora de titoría dos alumnos formará parte do horario lectivo do titor, así como a hora de atención ós pais.

1.2. O centro promoverá, cando menos, unha reunión ó comezo de curso entre os titores, departamento de orientación e pais, cunha finalidade informativa e orientadora para o curso.

1.3. Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará as seguintes funcións:

- a) participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe de Estudos e en colaboración co departamento de orientación.
- b) proporcionarles no principio de curso, ó alumnado e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal.
- d) efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de atopar as respostas axeitadas.
- e) facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- f) orientar ó alumno dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo e asesoralo sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- g) informar ó equipo de profesores do grupo das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- h) organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- i) orientar e canalizar as demandas do alumnado e mediar entre os profesores e o equipo directivo.

- k) informar ó alumnado do grupo, ós pais e ó profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- l) facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais dos alumnos.
- m) controlar a falta de asistencia ou puntualidade e ter informados ós pais ou titores e o Xefe de Estudos.
- n) implicar as familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

2. O PROFESOR DE GARDA

No centro haberá sempre, durante a xornada escolar, un ou máis profesores de garda, segundo as necesidades de cada momento e as dispoñibilidades do centro, que terán como funcións:

- a) atender a todos os alumnos que queden libres por ausencia do respectivo profesor. En caso de ausencia do profesor, e sempre que o profesor ou profesores de garda sexan suficientes, permanecerán preferentemente na aula cos alumnos e, de non ser posible, enviaranos á Biblioteca, permanecendo con eles. En todo caso, asegurárase de que as actividades normais do centro non se vexan perturbadas por calquera circunstancia.
- b) velar pola orde e bo funcionamento do instituto, especialmente nos corredores, á entrada e saída das clases.
- c) rexistrar no libro de gardas as ausencias e faltas de puntualidade dos profesores e calquera outra incidencia que se teña producido.
- d) resolver no acto cantas incidencias de alumnos se produzan durante a xornada lectiva, informando inmediatamente a calquera dos membros do equipo directivo presentes nese momento, ben, en ausencia destes, adoptando as medidas que estime máis oportunas, axustándose as directrices recollidas no Regulamento de Réxime Interior.
- e) tamén será función dos profesores de garda a tutela dos alumnos de E.S.O. durante os períodos de lecer. Para tal fin a dirección do centro destinará ós profesores que estime necesarios, de acordo coas dispoñibilidades do centro, preferentemente profesores que impartan clase nesa etapa.

IX. A AVALIACIÓN E AS RECLAMACIÓNS

1. O PROCESO DE AVALIACIÓN

- a) A avaliación será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo de maneira sistemática. As actividades de avaliación orientaranse á detección dos progresos realizados polo alumno en todos os ámbitos do seu desenvolvemento.
- b) A avaliación levarse a cabo tendo en conta os obxectivos educativos, así como os criterios de avaliación establecidos no proxecto curricular propio do centro.

2. SESIÓNS DE AVALIACIÓN

a) As sesións de avaliación utilizarán como instrumento básico as informacións e cualificacións que, sobre cada alumno e sobre o grupo, aporten os profesores e profesoras das distintas disciplinas.

b) En cada curso se realizarán tres reunións de avaliación, coincidindo a última coa avaliación final. Ademais desenvolverase en todos os cursos unha “avaliación inicial”, que

terá como obxectivo a exploración das capacidades, actitudes e coñecementos dos alumnos. A devandita avaliación desenvolverase o comezo do curso.

3. RECLAMACIÓNS ÁS CUALIFICACIÓNS

Os alumnos ou os seus pais ou titores legais poderán reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ó rematar un ciclo ou curso. A dita reclamación deberá basearse na inadecuación da proba proposta ó alumno en relación cos obxectivos ou contidos da área ou materia sometida a avaliación e co nivel preciso de programación, ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.

X ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Con estas actividades reforzase a formación e suporán unha motivación para o alumnado. Cada curso incluíranse na programación xeral anual, despois de ser aprobadas polo consello escolar, e recolleranse na memoria final de cada curso.

O alumnado poderá facer propostas por medio da Xunta de Delegados. A súa organización recaerá nos respectivos departamentos didácticos, baixo a coordinación da vicedirección. Os departamentos deberán propoñelas ao comezo de cada curso escolar utilizando o impreso que estableza o consello escolar. Unha vez aprobadas polo consello escolar, o equipo directivo deberá informar a toda a comunidade educativa o antes posible antes de cada avaliación.

As actividades que se fagan fóra do centro contarán coa autorización dos pais, das nais ou dos/as titores/as legais, no caso de ser menores de idade.

XI A BIBLIOTECA

Tendo en conta o Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 136, 13-xullo- 2007) onde se establecen como competencias básicas para o alumnado a competencia en comunicación lingüística, a competencia no tratamento da información e competencia dixital, a competencia cultural e artística, a Biblioteca Escolar debe perseguir os seguintes obxectivos xerais:

- Ofrecer oportunidades para a utilización e produción de información que posibiliten a adquisición de coñecementos, a comprensión, o desenvolvemento da imaxinación e o lecer.
- Apoiar ao alumnado na aprendizaxe e na práctica de competencias de avaliación e utilización da información, en calquera soporte, formato ou medio, tendo en conta as formas de comunicación máis usuais na súa comunidade.
- Proporcionar acceso aos recursos locais, rexionais, nacionais e globais que lle permitan ao alumnado poñerse en contacto con ideas, experiencias e opinións diversas.

Concibimos a biblioteca escolar como un dinámico centro de recursos e un activo servizo de información que cumpre un papel esencial en relación coa aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, coas tarefas docentes e co contorno social e cultural do centro. Aparece como un espazo educativo, que alberga unha colección organizada e centralizada de todos os materiais informativos que precisa o centro para desenvolver a súa tarefa docen-

te, baixo a supervisión de persoal cualificado, e as súas actividades intégranse plenamente nos procesos pedagóxicos do centro. Será polo tanto, un lugar favorable para o estudo, a investigación, o descubrimento, a autoformación e a lectura.

Os principios básicos da nosa biblioteca son:

1. A biblioteca é, ante todo, un lugar de aprendizaxe, de encontro e comunicación, integrada no proceso pedagóxico para favorecer a autonomía e responsabilidade do alumnado.

2. A biblioteca recolle todos os recursos bibliográficos, informativos e didácticos en xeral, Non só atoparemos documentos impresos en papel (libros, revistas, periódicos), senón todos aqueles soportes nos que atopar información.

3. A xestión da biblioteca deberá ser centralizada, aínda que en permanente contacto e colaboración cos departamentos.

4. A biblioteca estará aberta toda a comunidade educativa e ao exterior, relacionándose co seu contorno social e cultural, colaborando con outras institucións e utilizando as novas tecnoloxías que lle permiten estar en conexión con calquera outra biblioteca ou centro educativo.

Por outro lado as funcións da biblioteca do noso centro son:

1. Recompilar toda a documentación existente no centro, así como os materiais e recursos didácticos relevantes, independentemente do soporte.

2. Organizar os recursos de tal xeito que sexan facilmente accesibles e utilizables. Facer posible o seu uso cando se necesiten, mediante un sistema de información centralizado.

3. Establecer canais de difusión da información no centro educativo, contribuíndo á creación dunha fluída rede de comunicación interna.

4. Difundir entre alumnado e profesorado información en diferentes soportes para satisfacer as necesidades curriculares, culturais e complementarias. Ofrecerlles asistencia e orientación.

5. Constituír para que o alumnado adquira as capacidades necesarias para o uso das distintas fontes de información. Colaborar cos profesores e as profesoras para a consecución dos obxectivos pedagóxicos relacionados con este aspecto.

6. Impulsar actividades que fomenten a lectura como medio de pracer e de información.

7. Actuar como enlace con outras fontes e servizos de información externos e fomentar o seu uso por parte de alumnos/as e profesores/as.

XII. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO

1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO

1.A) EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

1.- Consolidar hábitos de disciplina, responsabilidade, estudo e traballo individual e en equipo, de uso da iniciativa persoal, toma de decisións e planificación de metas persoais, de distintas formas de aprender a aprender, como condicións imprescindibles para o desenvolvemento da autoconfianza e competencia persoal.

2- Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas cooficiais e en máis dunha lingua estranxeira, utilizándoas de maneira versátil para diferentes contextos e intencións comunicativas, e valorar a empatía na comunicación como instrumento de autorregulación do pensamento e eixe da convivencia.

3.- Desenvolver destrezas na procura, selección, organización e integración coherente da información, como estratexia para adquirir novos coñecementos e resolver problemas académicos e cotiás a través do uso habitual de distintos recursos, especialmente, das tecnoloxías da información e a comunicación.

4.- Fortalecer no alumnado as capacidades afectivas da personalidade e das súas relacións interpersoais, rexeitando os prexuízos e os comportamentos sexistas, co fin de acadar sempre a inclusión na comunidade educativa, e resolver pacificamente os conflitos.

5.- Desenvolver e aplicar o pensamento científico-técnico, utilizando valores e criterios éticos, asemade de análise sistemática e economía e eficacia, que permitan adquirir actitudes para a resolución de problemas de distinta complexidade, en diversos campos do coñecemento e en situacións da vida cotiá.

6.- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico propio e da diversidade de persoas e pobos, participando na súa conservación e mellora con sentimento de cidadanía global e plural compatible coa identidade local.

7.- Coñecer, aceptar e respectar o funcionamento do corpo humano propio e doutras persoas, e desenvolver o coidado e calidade da saúde corporal persoal e social, afianzando hábitos de práctica, crítica e responsable, de actividade física e deporte, de consumo racional, así como de interacción e conservación do espazo físico e dos seres vivos.

8.- Capacitar aos alumnos con aprendizaxes integradores que lles permitan alcanzar o gusto por aprender, o éxito académico e a incorporación a estudos posteriores ou a vida laboral.

9.- Coñecer, comprender e valorar as distintas linguaxes e manifestacións artísticas, culturais e deportivas, e achegas relevantes, como parte da diversidade e da evolución do patrimonio dos pobos, dialogo intercultural, forma de desenvolvemento do pensamento diverxente-converxente e como fonte de enriquecemento e gozo.

10.- Participar nas actividades propostas pola comunidade educativa, mostrando exercicio na cidadanía democrática nunha sociedade plural. ao asumir responsablemente os deberes e dereitos no respecto ás outras persoas e grupos, exercitar o diálogo, practicar a tolerancia, a igualdade e equidade, e a cooperación e solidariedade.

1.B) BACHARELATO

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permita:

1.- Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá, e unha ou máis linguas estranxeiras, acadando a capacidade de expresarse correctamente en público a través de distintos tipos de discurso acordes con diferentes contextos sociais e culturais, e de comunicarse de xeito que establezan vínculos construtivos cos demais e co contorno.

2.- Utilizar eficazmente e con responsabilidade as funcións transmisora e xeradora das tecnoloxías da información e da comunicación, como ferramentas para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer, previamente establecidos.

3.- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución, as súas escalas de valores no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade e contribuír a afianzar e conservar o patrimonio material e inmaterial de Galicia no contexto dun mundo globalizado.

4.- Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, actuando con criterio propio e practicando normas de convivencia que amosen adquirir unha conciencia cívica responsable, que fomente a corresponsabilidade e compromiso na construción dunha sociedade plural xusta e equitativa en dereitos e oportunidades das persoas e favoreza a sustentabilidade.

5.- Reforzar os hábitos de lectura, estudo e autonomía así como actitudes de iniciativa, autoconfianza, de traballo en equipo, de creatividade, flexibilidade, como condicións necesarias para o desenvolvemento dunha madurez intelectual e humana, persoal e social que lles permita resolver responsable, crítica e pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

6.- Acceder aos coñecementos e métodos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida, e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida.

7.- Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.

8.- Participar de forma solidaria en actividades que fomenten o desenvolvemento e mellora do seu contorno social e afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego, procurando a conservación dos recursos e da diversidade.

9.- Proporcionar ao alumnado a formación, a madurez, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse a vida activa con responsabilidade e competencia, asemade como capacitar para o acceso a educación superior ou ao ámbito laboral, e valorar a importancia da educación permanente durante toda a vida.

10.- Desenvolver a sensibilidade cara a manifestacións artísticas, literarias e deportivas, así como as habilidades perceptivas e comunicativas, sentido estético e valoración da liberdade de expresión que requiren, como fontes para cultivar a capacidade creadora, enriquecemento cultural e participación e conservación do patrimonio da propia comunidade como doutras.

11.- Afianzar hábitos de utilización da educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables e de gozo do tempo de lecer.

2. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

2.A) INSTRUCCIÓN PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Os diferentes departamentos do I.E.S. Val Miñor deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

1. Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados.

2. Os/As xefes/as de departamento comprobarán que figuran todos os apartados correspondentes.

3. Os/As xefes/xfas de departamento entregarán as programacións ou modificacións das mesmas en formato electrónico antes do comezo das actividades lectivas de cada curso escolar.

4. Unha vez que a xefatura de estudos teña no seu poder todas as programacións cumprimentadas correctamente deberá remitir unha copia ao servizo de inspección educativa en formato electrónico. No escrito de remisión farase constar expresamente que todas as programacións conteñen os apartados que a normativa vixente contempla.

5. O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.

6. Se algún profesor/a decidira incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta variación e a xustificación correspondente, incluírase na programación do dito departamento, sempre que así o acorde o citado órgano ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

7. Ao comezo de cada curso a xefatura de cada departamento didáctico elaborará información relativa á programación didáctica que dará a coñecer ao alumnado a través do profesorado das distintas materias asignadas a cada departamento. Esta información incluírá:

- Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso.
- Os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva
- Os criterios ou sistemas de cualificación.
- Os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar.

8. O centro deberá facer públicos:

- Os criterios xerais de avaliación das aprendizaxes.
- Os criterios xerais de promoción do alumnado.
- Os criterios de titulación do alumnado.

2.B) ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA NA ESO

Os elementos mínimos que deberán recoller todas as programacións didácticas no caso da E.S.O. son os seguintes:

- 1.- Introducción e contextualización.
- 2.- Contribución das materias ao logro das competencias básicas.
- 3.- Obxectivos
- 4.- Contidos secuenciados e temporizados.
- 5.- Criterios de avaliación.
- 6.- Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.
- 7.- Metodoloxía:
 - 7.1.- Metodoloxía específica da materia.
 - 7.2.- Materiais curriculares.
 - 7.3.- Outros recursos didácticos.
- 8.- Procedementos para a realización da avaliación inicial.
- 9.- Procedementos de avaliación:
 - 9.1.- Avaliación Ordinaria.
 - 9.2.- Avaliación Extraordinaria.
- 10.- Instrumentos de avaliación.
- 11.- Sistemas de cualificación.
- 12.- Programa de recuperación.
 - 12.1.- Materia durante o curso.
 - 12.2.- Materias pendentes doutros cursos.
- 13.- Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor.
- 14.- Medidas de atención á diversidade.
- 15.- Programación de educación en valores.
- 16.- Tratamento do fomento da lectura.
- 17.- Tratamento do fomento das TIC.
- 18.- Tratamento do fomento da convivencia no centro.
- 19.- Contribución da materia ao proxecto lingüístico.
- 20.- Actividades complementarias e extraescolares.
- 21.- Procedementos de avaliación da programación.

2.C) ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA NA BACHARELATO

En Bacharelato teríamos os seguintes apartados:

- 1.- Introducción e contextualización.
- 2.- Contribución das materias ao logro das competencias básicas.
- 3.- Obxectivos
- 4.- Contidos secuenciados e temporizados.
- 5.- Criterios de avaliación.
- 6.- Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.
- 7.- Metodoloxía:
 - 7.1.- Metodoloxía específica da materia.
 - 7.2.- Materiais curriculares.
 - 7.3.- Outros recursos didácticos.
- 8.- Procedementos de avaliación:
 - 8.1.- Avaliación Ordinaria.
 - 8.2.- Avaliación Extraordinaria.
- 9.- Instrumentos de avaliación.
- 10.- Sistemas de cualificación.

- 11.- Programa de recuperación.
- 11.1.- Materia durante o curso.
- 11.2.- Materias pendentes doutros cursos.
- 12.- Procedementos para acreditar os coñecementos previos.
- 13.- Medidas de atención á diversidade.
- 14.- Programación de educación en valores.
- 15.- Tratamento do fomento da lectura.
- 16.- Tratamento do fomento das TIC.
- 17.- Tratamento do fomento da convivencia no centro.
- 18.- Contribución da materia ao proxecto lingüístico.
- 19.- Actividades complementarias e extraescolares.
- 20.- Procedementos de avaliación da programación.

3. DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A Comisión Europea da Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida e animou aos estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección. Defínese a competencia clave ou básica como a capacidade de responder ás demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas da forma adecuada.

Supón unha combinación das habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúen conxuntamente para o logro dunha acción eficaz. As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego.

O artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (L.O.E.) (B.O.E. Nº 106, 4- maio-2006) define o currículo como “o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación” .

No artigo 144 da lei di que “o Instituto de Avaliación e os organismos correspondentes das Administracións Educativas, no prazo que lles compete, colaborarán na realización das avaliacións xerais de diagnóstico, que permitan obter datos representativos, tanto do alumnado e dos centros das Comunidades Autónomas como do conxunto do Estado”. Estas avaliacións versarán sobre as competencias básicas do currículo, realizaranse na ensinanza primaria e secundaria e incluírán, en todos os casos, as previstas nos artigos 21 e 29.

Segundo o artigo 29, “ao finalizar o segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas polos seus alumnos”.

A L.O.E., no artigo 20.2, establece que “o alumnado accederá ao ciclo educativo ou etapa seguinte sempre que se considere que alcanzou as competencias básicas correspondentes e o axeitado grao de madurez”.

Ademais, no artigo 31, determina que “os alumnos que ao rematar a Educación Secundaria Obrigatoria teñan alcanzado as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterán o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria”.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística: A competencias en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións. A comunicación en linguas estranxeiras esixe tamén posuír capacidades tales como a mediación e a comprensión intercultural. Esta competencia contribúe á creación dunha imaxe persoal positiva e fomenta as relacións construtivas cos demais e co entorno. Aprender a comunicarse é establecer lazos con outras persoas, é acercarnos a novas culturas que adquiren consideración e afecto na medida que se coñecen. O desenvolvemento da competencia lingüística é crave para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir.
- b) Competencia matemática: Habilidade para utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral.
- c) Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico: Habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión dos sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, dos demais homes e mulleres e do resto dos seres vivos.
- d) Competencia no tratamento da información e competencia dixital: Habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes que van dende o acceso e selección da información ata o uso e a transmisión desta en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse.
- e) Competencia social e cidadá: Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos. Adquirir esta competencia supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.
- f) Competencia cultural e artística: Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos.
- g) Competencia para aprender a aprender: Aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuoalo de maneira autónoma. Supón tamén poder desenvolverse ante as incertezas tratando de buscar respostas que satisfagan a lóxica do coñecemento racional. Implica admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e encontrar motivación para buscalas dende diversos enfoques metodolóxicos.
- h) Competencia na autonomía e iniciativa persoal: Esta competencia refírese á posibilidade de optar cun criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

O Bacharelato, que forma parte da educación secundaria na fase postobrigatoria, debe ser unha etapa de consolidación das competencias adquiridas na Ensinanza Secundaria Obrigatoria e así tanto a L.O.E. como o Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se

establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 120, 23-xuño-2008) establecen como finalidade nesta etapa “proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior”.

Por último, segundo o artigo 3 da Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 142, 23-xullo-2008), “o currículo das ensinanzas básicas iniciais e da educación secundaria para persoas adultas oriéntanse ao logro das competencias básicas”.

Todas as competencias citadas anteriormente teñen as seguintes características:

- Proporcionan a capacidade de saber facer, é dicir, de aplicar os coñecementos a os problemas da vida profesional e persoal.
- Son susceptibles de axeitarse a unha diversidade de contextos.
- Teñen un carácter integrador, agrupando os coñecementos, os procedementos e as actitudes.
- Permiten integrar e relacionar os aprendizaxes cos distintos tipos de contidos, utilízalos de maneira efectiva e aplícalos en diferentes situacións e contextos.
- Deben ser aprendidas, renovadas e mantidas ao longo de toda a vida.

Polo tanto, desde o noso centro debemos contribuír a:

- Adaptar o proceso da ensinanza-aprendizaxe á sociedade actual, en continuo cambio.
- Transformar o concepto tradicional da ensinanza baseado na adquisición de coñecementos nun concepto moderno de aprendizaxe baseado na capacidade de resolver situacións ao longo da vida.

Para elo haberá que tomar unha serie de medidas para que o alumnado adquira estas competencias. Por un lado, mediante a contribución que cada materia faga a través das súas programacións didácticas, e por outro lado, tomando medidas non curriculares relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción tutorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc...

4. INCORPORACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES A TRAVÉS DAS DISTINTAS ÁREAS E MATERIAS

Tal como se recolle neste proxecto educativo nos obxectivos xerais do centro, o obxectivo fundamental é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomenta a integración social e a realización individual, tanto intelectualmente como laboral dos/as alumnos/as. Polo tanto debemos educar na responsabilidade e entender a dignidade humana como un valor guía que permita elaborar un modelo de vida que facilite niveis de felicidade persoal e o exercicio dunha cidadanía comprometida.

O noso alumnado debe ser capaz de ser responsable nas súas tarefas diarias e obter unha autodisciplina, sabendo distinguir entre o deber e o pracer para, deste xeito, poder integrarse con menos dificultade no mundo adulto. Tamén é básico que os/as alumnos/as aprendan a ser conscientes da importancia de ter coidado do corpo e das repercusións negativas que ten para a vida diaria a despreocupación da propia saúde.

É importante tamén que o alumnado teña moi presente o concepto de civismo, a importancia de cumprir as normas sociais, e que o apliquen no seu día a día, xa sexa na relación con outras persoas ou no respecto que lle deben ter ao medio ambiente, de xeito que participen na sociedade tratando de melloralala.

Outro aspecto a destacar é o do respecto, e polo tanto os/as nosos/as alumnos/as deben respectarse a si mesmos e aos demais, xa que deste xeito eles mesmos tamén serán respectados. Deben ter moi claro que as diferenzas entre persoas deben ser sempre respectadas, xa que ofrecen múltiples ensinanzas e axudan á formación das persoas.

Por último, debe destacarse a importancia de saber situarse no lugar das outras persoas. Se o alumnado é capaz de conseguir entender as emocións dos demais e de conseguir aprender a reprimir as súas propias reaccións negativas, será tamén capaz de manter unha boa convivencia, a cal axudará a que a vida diaria sexa máis fácil.

Polo tanto, desde os diferentes departamentos didácticos e a través das materias debemos transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen a súa vida diaria. Entre outros valores, poderían traballarse os seguintes:

1. **Aprender a ser responsable.** Explicar as responsabilidades que deben aprender a adquirir os/as alumnos/as para poder formarse máis axeitadamente como persoas:
 - a) Responsabilidade cun mesmo.
 - b) Responsabilidade coas tarefas a desenvolver.
 - c) Responsabilidade no consumo.
 - d) Responsabilidade coa sociedade.
2. **Aprender a ser respectuoso.** Aportar información, reflexión e debate acerca dos catro ámbitos nos que debemos aplicar o respecto se queremos conseguir unha convivencia equilibrada:
 - a) Aprender a ser respectuoso cun mesmo.
 - b) Aprender a ser respectuoso cos demais.
 - c) Aprender a ser respectuoso co entorno.
 - d) Aprender a ser respectuoso coa diferenza.
3. **Aprender a ser empático.** Explicar a necesidade de ser capaces de entender aos demais, de poñernos no seu lugar, para así , fortalecer as relacións humanas, fomentar a comunicación entre as persoas e mellorar a sociedade. Poderían tratarse os seguintes temas:
 - a) Sensibilidade cos demais.
 - b) Solidariedade e cooperación.
 - c) A amizade.
 - d) Civismo.
4. **Aprender a autorregularse.** Explicar a importancia do autoconhecimento. Se o alumnado se coñece a si mesmo será capaz de controlar os seus impulsos negativos e poderá afrontar as contrariedades cunha actitude máis positiva. Os puntos a traballar serían:
 - a) Autoconhecimento.
 - b) Autocontrol das emocións.
 - c) Aceptación das normas.
 - d) Alegría e optimismo

5. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLAS ENSINANZAS DE RELIXIÓN

O alumnado da E.S.O. que non opte por as ensinanzas de Relixión Católica nin de Historia e Cultura das Relixións poderá realizar algunha das seguintes actividades:

- Debates sobre temas de actualidade.
- Actividades para o fomento da lectura.
- Xogos lúdicos-educativos.
- Proxección de películas.
- Actividades de comprensión lectora, expresión oral e escrita.

6. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

6.1. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

Promoción.

O alumnado, unha vez realizadas as probas extraordinarias, promocionará ao curso seguinte cando supere os obxectivos de todas as materias cursadas, ou ben teña unha ou dúas materias con avaliación negativa.

Titulación.

O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria superase todas as materias e alcanzase as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Tamén poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa en unha ou dúas materias como máximo.

O alumnado que curse programas de diversificación curricular obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Así mesmo, poderá obter o mencionado título aquel alumnado que, tendo superado os dous ámbitos, teña avaliación negativa en tres materias como máximo.

Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá ter en conta todo o relacionado coa titulación e promoción recollido na Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 4, 7-xaneiro- 2008).

6.2. BACHARELATO.

Promoción.

As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao segundo curso de Bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente en primeiro de Bacharelato deberá cursalas ao longo do curso. Os departamentos didácticos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

O alumnado con tres ou catro materias avaliadas negativamente no primeiro curso de bacharelato manterá a cualificación obtida anteriormente na mesma materia cando a nova cualificación sexa inferior. Este alumnado debe realizar as mesmas tarefas e atender ás clases do mesmo xeito que o alumnado novo na materia. A cualificación de materias xa

superadas outorgarase na avaliación final ordinaria. No caso de que algunha das materias xa superadas deixase de ser impartida no centro, o alumnado poderá manter a cualificación obtida sen necesidade de matricularse nunha nova materia.

O alumnado que suspenda en 1º de bacharelato máis de catro materias, cursará de novo o curso completo e será cualificado en todas as materias.

O alumnado que, ao finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nalgunha materia poderá

- a) Matricularse soamente das materias con avaliación negativa.
- b) Matricularse de todas as materias de segundo, logo de solicitude á dirección do centro, coa finalidade de mellorar as súas cualificacións. A este alumnado consideráse, nas materias que xa teña superadas, a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta cualificación sexa superior á anterior.

Titulación.

Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato. A nota media do Bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias que configuran a modalidade cursada, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá aplicar todo o relacionado coa titulación e promoción recollido na Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 124, 27- xuño-2008) e na Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa (D.O.G. Nº 105, 1- xuño-2011).

7. LÍNEAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tal e como se recolle no artigo 13º do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 136, 13-xullo-2007) e o punto 8 da Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 177, 12-setembro-2007), “as medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da etapa”.

PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

Os Programas de Diversificación Curricular constitúen una forma directa de atención a diversidade do alumnado. A súa finalidade é que os/as alumnos/as acaden os obxectivos xerais da E.S.O. mediante una metodoloxía e uns contidos adaptados ás súas características e necesidades.

Pódense cursar dúas modalidades, organizadas en un ano ou dous. Toda a organización destes programas ven marcada pola Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (D.O.G. Nº 161, 21-agosto-2007).

Estes programas están dirixidos ao alumnado que se encontre nas seguintes circunstancias:

- Ter dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas e atoparse nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario.
- Existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obter o título de graduado en educación secundaria.

Poderán incorporarse a estes programas o alumnado que se atope nalgunha das seguintes situacións:

- Ter cursado o segundo curso da E.S.O., non estar en condicións de promocionar ao curso seguinte e que repetisen xa unha vez na etapa.
- Tras cursar o terceiro curso, non estar en condicións de promocionar.
- Tras repetir o terceiro curso, non superalo.
- Ter cursado o cuarto curso da E.S.O. sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.

En canto a selección do alumnado para cursar estes programas débese ter en conta os seguintes criterios:

1. O alumnado seleccionado debe mostrar interese por aprender.
2. Non debería ser seleccionado alumnado que mostrara mal comportamento ou se lle aplicaran medidas disciplinarias no curso en que é obxecto de selección.

Non se debe perder de vista que estes programas son un camiño máis doado para obter o título de educación secundaria, dirixidos fundamentalmente ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, pero que mostran interese por acadar o título e que cada día traballa con tesón para poder acadar bos resultados.

EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA EN PRIMEIRO E SEGUNDO CURSOS DE ESO

A Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no punto 5-f, referente ás materias e ao horario lectivo semanal, o seguinte:

“O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. No seu expediente académico figurará coa mención de exento/a. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida”.

Esta medida será adoptada despois das avaliacións iniciais en 1º e 2º de E.S.O., á proposta do profesorado do grupo onde se encontre este tipo de alumnado, e dito alumnado recibirá un programa de reforzo nalgunha das materias instrumentais (Lingua Galega, Lingua Castelá ou Matemáticas).

AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS TEMPORAIS

Os destinatarios desta medida será aquel alumnado que presente dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que por ter carácter instrumental para

seguir a aprender, como é o caso das Linguas e das Matemáticas, reclaman unha atención máis individualizada.

Para asegurar o bo funcionamento dos Grupos Específicos Temporais e garantir que cumpren a función para o que son creados establecemos as seguintes condicións de funcionamento:

1. Os departamentos das áreas implicadas establecerán unha programación baseada nos contidos mínimos de nivel, que permitan continuar estudos no nivel seguinte con probabilidade de éxito. Na programación destes contidos terase en conta:
 - a) O repaso ou adquisición de contidos da etapa de primaria (sobre todo os do 3º ciclo de primaria), necesarios para continuar con éxito os estudos de secundaria.
 - b) Priorización do saber facer (procedementos) para adquirir habilidades propias das materias instrumentais.
 - c) Recursos que fomenten a motivación e a autoestima do alumnado para garantir o éxito das aprendizaxes.
 - d) Que se avalíe o dominio sobre os contidos traballados, tendo en conta que en parte poden pertencer ao currículo da etapa anterior.
 - e) Utilización de medios, instrumentos e formas de avaliación variados, que permitan valorar os diferentes tipos de contidos e adaptarse ás características persoais de cada alumno/a.
2. Coordinación entre o profesorado do grupo específico temporal. Ademais, dito profesorado deberá coordinarse co profesorado da materia no grupo de referencia.
3. A decisión de que un/unha alumno/a poida incorporarse a un grupo específico temporal será tomada de xeito consensuado na xunta de avaliación.
4. A decisión de incluír alumnado nun grupo específico temporal é reversible. Para remarcar o carácter transitorio destes grupos, en cada sesión de avaliación (1ª e 2ª avaliación) o equipo docente, o/a titor/a e a persoa orientadora do centro decidirán que alumnos/as poden integrarse no grupo específico e cales retornan ao grupo de referencia.. Poderanse celebrar reunións extraordinarias de avaliación para tomar decisións de incorporación ou envío ao grupo de referencia de alumnos/as.
5. Para a constitución destes grupos terase en conta o comportamento que poida ter o alumnado disruptivo e conflitivo.

REFORZO EDUCATIVO

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo.

O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario polo profesor ou profesora que imparte a materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais, que nunca substituirá a actuación habitual do profesorado.

Está dirixido a:

- Alumnos/as de ritmo lento, que con este reforzo educativo poidan seguir o ritmo normal da clase.
- Alumnado que presenta dificultades nas áreas instrumentais básicas (lingua galega, lingua castelá e matemáticas).

- Alumnos/as que coa modificación dos elementos non prescritivos do currículo poidan seguir o ritmo normal da clase.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este Proxecto Educativo de Centro revisarase cando o solicite, a lo menos un terzo dos membros do Consello Escolar, cando haxa un cambio na normativa na que está baseado, e, en todo caso, cada catro anos.